



UN ESTUDO SOBRE GRANDES INCENDIOS FORESTAIS CUESTIONA O MODELO FORESTAL DE ENCE

Dende a APDR constatamos que a recente presentación do [Informe de Ecologistas en Acción sobre a relación do tipo de vexetación e os grandes incendios forestais](#) (máis de 500 hectáreas de superficie de afección) **entre 2012-2014 no estado español**, desminte de novo os argumentos cos que ENCE pretende xustificar a súa xestión forestal baseada no monocultivo do eucalipto e mesmo pon en evidencia a política forestal galega.

ENCE, esquecendo que o [Eucalyptus globulus](#) é clasificado como unha especie moi inflamable todo o ano (especialmente as súas follas), asegura no seu monográfico sobre “La gestión forestal sostenible y el eucalipto” (2009), entre outras cousas, que o maior número de pistas e de cortafogos interiores nas plantacións de monocultivo de eucalipto fan deles un factor de “protección dos nosos montes fronte ao risco de incendios”. Neste sentido, **o citado informe critica esta visión que ten a limpeza de montes como unha solución case universal** ao problema dos incendios en vez de actuar contra os factores máis obvios como “as persoas ou condutas que están detrás da produción de incendios **ou as circunstancias que fan a unhas determinadas masas forestais máis vulnerábeis que outras**”.

A partir de 60 casos, o informe establece a diferente vulnerabilidade aos grandes incendios:

- 1.- A **maior vulnerabilidade** encontrase nos “**espazos forestais artificiais ou degradados**”, que inclúe os monocultivos estendidos polo territorio galego de man de ENCE, “malia que sexan masas forestais máis intervidas, ben sexa con actuacións de limpeza ou de cortafogos”.
- 2.- A **menor vulnerabilidade** rexístrase nos “**verdadeiros bosques naturais ben conservados**, principalmente os poboados por especies do xénero *Quercus* (a aciñeira, o carballo ou a sobreira)”. A súa protección ambiental intrínseca non demanda unha intervención especial dirixida á prevención de incendios.

O estudo constata que a limpeza de montes e os cortafogos en zonas degradadas e de monocultivos non se poden considerar garantes en si mesmos de prevención dos grandes incendios.

Dende a APDR incidimos nunha **alternativa chave** deste estudo: “**promover a naturalización masiva dos nosos montes**, implantando unha política sostida no tempo de fomento das especies do xénero *Quercus* e frondosas autóctonas, especialmente nos espazos que foron e están sendo indebidamente repoboados” con especies alóctonas, como no caso de especies invasoras como o eucalipto.

Lembramos igualmente neste sentido, as [nosas denuncias](#) realizadas polas masivas **fumigacións tóxicas** de ENCE ligadas á eucaliptización (xa cuestionadas por algúns concellos como [Poio](#)) e **as peticións** que se fixeron dende a [APDR](#) e dende a [Alianza Rural Galega](#) en outubro á Xunta de Galicia **cara a prohibir xa a plantación do eucalipto nitens** en Galiza, igual que en Asturias, na liña avalada nunha recente [sentenza da Audiencia Nacional](#).

Pontevedra, 1 de decembro de 2015

Xulio Carmona, pola xunta directiva da APDR